

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 07 DE FEBREIRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00005770F.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 10.1.2022
- Extraordinaria e urxente de data 10.1.2022
- Extraordinaria e urxente de data 13.1.2022
- Ordinaria de data 17.1.2022
- Extraordinaria e urxente de data 18.1.2022
- Extraordinaria e urxente de data 19.1.2022
- Ordinaria de data 24.1.2022
- Extraordinaria e urxente de data 27.1.2022
- Extraordinaria e urxente de data 28.1.2022
- Ordinaria de data 31.1.2022
- Extraordinaria e urxente de data 2.2.2022

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00042642N.

Licenza obra maior

Acórdase conceder a Construcciones Jupita SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 9/09/2021, cun orzamento de execución material de 18.260,00 €, a demolición de edificio de planta Baixa, primeira e BC con edificacións anexas situado na Rúa do Coto, 11, Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00028364V.

Licenza obra maior .

Acórdase CONCEDER a SINDICATO NACIONAL DE CCOO. DE GALICIA, licenza de OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA na RÚA VIA EDISON,1, segundo Proxecto técnico co visado colexial de data 23/06/2021, cun orzamento de execución material de 35.000 €. As actuacións consistirán na construción de cuberta cunha superficie de 475,86 m² e unha altura máxima de 10,98 m². A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado como equipamento comunitario RE3.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008559H.

Aceptar cesion de viario e licenza obra maior

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 07/06/2021 outorgada ante Notario, co número de protocolo 315. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico modificado e de execución de data de visado do 10/09/2021, cun orzamento de execución material de 103.000,00 € a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Decoita 28 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00033137Y.

Licenza obra maior

Acórdase conceder á Consellería de Cultura, Educación e Universidade licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado o 13/07/2021 e a documentación presentada na data 06/10/2021 e o 03/12/2021, cun orzamento de execución material de 578.574,83 €, a rehabilitación integral do IES Lamas de Abade sito na Rúa da Raiola, 8 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000434E.

Denegar licenza obra maior

Acórdase:

Denegar a CD Construcción Rehabilitación y Reformas SLU licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de data de visado do 26/10/2020 e a documentación complementaria presentada na data 08/09/2021 cun orzamento de execución material de 39.529,16 € a instalación de ascensor no edificio situado na Rúa Quiroga Palacios, 63 Santiago de Compostela (A Coruña), xa que:

☒ *No ámbito da Zona de Respeto e Protección da Paisaxe e Silueta Urbana (Perímetro Azul) non resulta admisible a prolongación do núcleo de ascensor por riba dos faldrons inclinados da cuberta, debido ao seu impacto negativo na imaxe urbana.*

☒ *Tampouco resulta autorizable o incremento de volume da cuberta do edificio para ocultar o novo ascensor, tendo en conta que a planta ático, atópase en situación de fóra de ordenación por exceder o número de plantas autorizables.*

7. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00005648X.

Aprobación inicial do Estudo de detalle dos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo)

Acórdase:

a) APROBAR INICIALMENTE o Estudo de detalle dos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo), segundo o proxecto presentado o 2.12.2021 por SANTIAGO SUR GALICIA S.L., que afecta ás seguintes parcelas catastrais:

6867717NH3466F0000XO (quinteiro 1)

6867718NH3466F00001O (quinteiro 2)

b) En aplicación do procedemento regulado no artigo 194.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, o proxecto someterase a información pública durante o prazo dun mes, con citación persoal dos propietarios catastrais dos terreos afectados, e anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes sectoriais preceptivos (Estradas do Estado, Patrimonio Cultural e Augas de Galicia).

A aprobación definitiva do Estudo de detalle queda condicionada á previa aprobación definitiva da Modificación puntual do Plan parcial do SUP-1, nos termos en que foi inicialmente aprobada o 7.12.2021.

O acordo de aprobación inicial do Estudo de detalle determina automaticamente, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86.2 do seu Regulamento, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de edificación e de parcelación no ámbito dos quinteiros 1 e 2.

A suspensión terá a duración máxima de DOUS ANOS -a contar dende a aprobación inicial- e extinguirase en todo caso co acordo de aprobación definitiva do Estudo de detalle.

A suspensión non afectará aos proxectos que cumpran simultaneamente as determinación do plan parcial vixente e as do Estudo de detalle inicialmente aprobado.

8. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00005676S.

Aprobación inicial do Estudo de detalle do quinteiro 6 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo)

Acórdase:

a) Aprobar inicialmente o Estudo de detalle do quinteiro 6 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo), segundo o proxecto presentado o 2.12.2021 por SANTIAGO SUR GALICIA S.L., que afecta á parcela catastral 6568954NH3466H0000IR.

b) En aplicación do procedemento regulado no artigo 194.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, o proxecto someterase a información pública durante o prazo dun mes, con citación persoal dos propietarios catastrais dos terreos afectados, e anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes sectoriais preceptivos.

O acordo de aprobación inicial do estudo de detalle determina automaticamente, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86.2 do seu Regulamento, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de edificación e de parcelación no ámbito do quinteiro 6.

A suspensión terá a duración máxima de DOUS ANOS -a contar dende a aprobación inicial- e extinguirase en todo caso co acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle.

A suspensión non afectará aos proxectos que cumpran simultaneamente as determinacións do planeamento vixente e as do estudo de detalle inicialmente aprobado.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00004988F.

Recepción das obras de: "Execución das obras recollidas no proxecto "Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa Teresa de Jornet". POS +2019"

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de "Execución das obras recollidas no proxecto "Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa Teresa de Jornet". POS +2019", nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00005017J.

Recepción das obras de: "Execución das obras recollidas no proxecto "Senda peonil e reforzo da calzada en Paredes de Laraño" (POS+ 2019 / Adicional 1 / 2ª fase)"

Autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de "Execución das obras recollidas no proxecto "Senda peonil e reforzo da calzada en Paredes de Laraño" (POS+ 2019 / Adicional 1 / 2ª fase)", nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00046847P.

Devolución fianza contrato "Obras de Mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Enfesta, Vilvestro e O Eixo (POS 2016)"

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL*, por importe de 4.061,80 euros (Avalista: ABANCA CORPORACION BANCARIA) para responder do contrato de "Obras de Mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Enfesta, Vilvestro e O Eixo (POS 2016)". CON/52/2016.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00046850B.

Devolución fianza contrato “Obras de mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viais das parroquias de Villestro, O Eixo e Aríns (PAS-OBRASSUM/2015)”

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *EXCAVACIONES SANTIÑOS S.L.*, por importe de 4.107,90 euros (Avalista: ABANCA CORPORACION BANCARIA, SA) para responder do contrato de “Obras de mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viais das parroquias de Villestro, O Eixo e Aríns.

13. DEPORTES. Referencia: 3522/2022.

Actualización da orde de continuidade da prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais (CON/38/2016).

Acórdase actualizar e manter a orde á empresa Lacera Servicios y Mantenimiento S.A., de continuidade na prestación dos servizos derivados do contrato de prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas municipais, que lle foi adxudicado en data 13 de abril de 2018, nas mesmas condicións as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior e polo tempo imprescindible para adxudicar un novo contrato.

14. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS.

Continuidade na prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros.

Acórdase a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa UTE TRAPSA-AULUSA, nos mesmos termos que foron pactados mediato o contrato de data 15 de febreiro de 2006, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato.

15. COMERCIO. Referencia: 2021/00054590T.

Xustificación da execución dos cheques de consultoría do programa Coidar para Mellorar, anualidade 2021.

Apróbase a xustificación da prestación de 31 cheques de consultoría (9 de escaparatismo, 11 de comunicación comercial e 11 de transformación dixital) dos que se beneficiarán 17 persoas solicitantes.

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00000184R.

Aprobación da participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) Pos+2022 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais.

Acórdase que o Concello de Santiago de Compostela participe no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) Pos+2022 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade, e Solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais polo importe de cento vinte cinco mil corenta e tres euros con noventa e catro céntimos (125.043,94.-€) para o financiamento de dúas prestacións:

PRIMEIRA.- Ampliación do servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa cun importe de 25.043,94€, para a contratación dun grao/diplomado en terapia ocupacional, cun custo de 25.043,94 €.

Solicitouse un informe ao departamento de persoal, que respondeu a xefa de servizo de xestión de persoal con data 27 de xaneiro de 2022, no que se recollen os custos da cantidade de 22.198,41€ para un contrato de 6 meses e a cantidade de 25.898,14 € para un contrato de 7 meses. A duración do contrato axustarase á cantidade dispoñible, de xeito que sexa a Deputación da Coruña a que asuma o coste íntegro, sen necesidade de achega por parte do Concello.

A tarefa a realizar é unha valoración de xeito integral das capacidades funcionais e cognitivas das persoas que reciben a prestación de axuda no fogar municipal. Esta valoración inclúe tamén a realización dun estudo sobre a vivenda na que habitan e as súas condicións, o espazo e a

disposicións dos seus elementos. O obxectivo último pasa por establecer un plan de coidados integrais e personalizado, destinado a promover na persoa o maior grao de independencia, funcionalidade e autonomía proporcionar as solucións máis axeitadas para realizar modificacións e adaptacións na vivenda, coa finalidade de axeitála ás necesidades da persoa e así incrementar o seu confort e calidade de vida.

SEGUNDA.- Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar, por un importe total de 100.000,00 € para o mantemento do Servizo Municipal de atención a emerxencias sociais (SEMUS Social), a través do establecemento dun Convenio coa Cruz Vermella por un importe de 100.000€, entendendo "emerxencia social", como aquela situación favorecedora de estados de vulnerabilidade e desprotección nas persoas que a sofren, que precisa dunha resposta inmediata para paliar, na medida do posible, os efectos dunha situación imprevista e sobrevida, proporcionando respostas sociais que eviten o desenvolvemento de estados de desprotección. Estas situacións acontecen con frecuencia cando os servizos sociais municipais non están operativos (noites, fins de semana), mais cómpre realizar unha intervención con urxencia. E tamén dentro destas situacións de emerxencia social se contempla a atención a persoas sen fogar, o que implica o reforzo da atención de rúa que se presta, cunha ampliación das rutas nocturnas que permitan acceder aos lugares da cidade onde se poidan detectar persoas sen teito.

Búscase avaliar e facer un seguimento da súa situación, desenvolvendo estratexias de achegamento e comunicación, e na medida do posible favorecendo a elaboración por parte dos servizos sociais municipais de proxectos de intervención que contribúan á súa normalización, facilitando un aloxamento estable, recursos de subsistencia e o desenvolvemento de habilidades sociais e persoais.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004152E.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 386/2018 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1

Dase conta da sentenza nº 344/2021.

Obxecto: execución forzosa de orde de derruba mediante imposición de multa coercitiva.

O procedemento está directamente relacionado co PO 302/2017 do mesmo CA 1, no que se cuestiona a legalidade da licenza de rehabilitación concedida ao veciño dos demandantes, e a orde de derruba do muro. Neste caso, o obxecto é, ante o incumprimento de dita orde, a execución forzosa mediante multa coercitiva. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación.

Á vista de canto antecede, acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
- 2.- Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004149L.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 4024/2019 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Dase conta da sentenza nº 016/2021

Demandante: Asociación de vivendas turísticas de Galicia.

Obxecto: Acordo do Pleno, do 15.11.2018, polo que se aprobou a modificación puntual do PE-1, coa prohibición de usos hoteleiros, pisos turísticos e aloxamentos de carácter temporal no casco histórico. A sentenza é análoga ás xa ditadas pola mesma Sala e Sección, aplicando o mesmo fundamento, cunha estimación limitada á modificación que non foi obxecto de exposición pública. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación.

Á vista de canto antecede, acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir aos Servizos de Planeamento e de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento e trámites que procedan.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004653V.

Dación de conta á Xunta de Goberno local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 12/2020 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1

Dase conta da sentenza nº 364/2021

Obxecto: responsabilidade patrimonial pola suspensión do SUNP-38.

Contía: 112.051,75 euros.

A sentenza é favorable para o Concello. O demandante, titular de parcelas no SUNP-38, viña de reclamar responsabilidade patrimonial polos prexuízos causados pola suspensión_abandono do desenvolvemento urbanístico do citado polígono, con incumprimento municipal do convenio urbanístico. Ao que engade a impugnación indirecta do Plan de sectorización.

O Xulgado considera que a reclamación está fundamentada en dous títulos de imputabilidade: contractual, polo incumprimento do convenio; e extracontractual, polos danos causados como propietario. E rexeita o primeiro porque o demandante non é parte asinante daquel; polo que non ten lexitimación para instar a súa resolución nin esixir responsabilidade polo seu incumprimento.

Polo que respecta á impugnación indirecta do Plan, o Xulgado rexéitaa tamén xa que aquela precisa unha vinculación directa entre o vicio de nulidade da disposición e o acto directamente recorrido. Ao non existir, ou acreditarse, dita vinculación, rexeita a impugnación; engadindo ademais que o instituto da responsabilidade patrimonial non é a vía axeitada para pretender unha impugnación do Plan. En canto á responsabilidade patrimonial, o Xulgado tamén rexeita as pretensións indemnizatorias.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2.-emitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004654H.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 33/2020 ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1

Dase conta da sentenza nº 365/2021

Demandante: CAMIÑO INGLÉS S.L.

Obxecto: responsabilidade patrimonial pola suspensión do SUNP-38.

Contía: 32.861,37 euros.

A sentenza é favorable para o Concello. A demandante, titular de parcelas no SUNP-38, viña de reclamar responsabilidade patrimonial polos prexuízos causados pola suspensión_abandono do desenvolvemento urbanístico do citado polígono, con incumprimento municipal do convenio urbanístico. Ao que engade a impugnación indirecta do Plan de sectorización.

O Xulgado considera que a reclamación está fundamentada en dous títulos de imputabilidade: contractual, polo incumprimento do convenio; e extracontractual, polos danos causados como propietario. E rexeita o primeiro porque a demandante non é parte asinante daquel; polo que non ten lexitimación para instar a súa resolución nin esixir responsabilidade polo seu incumprimento.

Polo que respecta á impugnación indirecta do Plan, o Xulgado rexéitaa tamén xa que aquela precisa unha vinculación directa entre o vicio de nulidade da disposición e o acto directamente recorrido. Ao non existir, ou acreditarse, dita vinculación, rexeita a impugnación; engadindo ademais que o instituto da responsabilidade patrimonial non é a vía axeitada para pretender unha impugnación do Plan. En canto á responsabilidade patrimonial, o Xulgado tamén rexeita as pretensións indemnizatorias. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004656C.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 37/2020 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm.1

Dase conta da sentenza nº 363/2021

Demandante: BERENGUELA DE TEO S.L.

Obxecto: responsabilidade patrimonial pola suspensión do SUNP-38.

Contía: 80.847,36 euros.

A sentenza é favorable para o Concello. A demandante, titular de parcelas no SUNP-38, viña de reclamar responsabilidade patrimonial polos prexuízos causados pola suspensión_abandono do desenvolvemento urbanístico do citado polígono, con incumprimento municipal do convenio urbanístico. Ao que engade a impugnación indirecta do Plan de sectorización.

O Xulgado considera que a reclamación está fundamentada en dous títulos de imputabilidade: contractual, polo incumprimento do convenio; e extracontractual, polos danos causados como propietario. E rexeita o primeiro porque a demandante non é parte asinante daquel; polo que non ten lexitimación para instar a súa resolución nin esixir responsabilidade polo seu incumprimento.

Polo que respecta á impugnación indirecta do Plan, o Xulgado rexéitaa tamén xa que aquela precisa unha vinculación directa entre o vicio de nulidade da disposición e o acto directamente recorrido. Ao non existir, ou acreditarse, dita vinculación, rexeita a impugnación; engadindo ademais que o instituto da responsabilidade patrimonial non é a vía axeitada para pretender unha impugnación do Plan. En canto á responsabilidade patrimonial, o Xulgado tamén rexeita as pretensións indemnizatorias. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1.Tomar coñecemento da sentenza.

2.Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004658E.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 41/2020 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm.1.

Dase conta da sentenza nº 362/2021

Obxecto: responsabilidade patrimonial pola suspensión do SUNP-38.

Contía: 59.640,34 euros.

A sentenza é favorable para o Concello. A demandante, titular de parcelas no SUNP-38, viña de reclamar responsabilidade patrimonial polos prexuízos causados pola suspensión_abandono do desenvolvemento urbanístico do citado polígono, con incumprimento municipal do convenio urbanístico. Ao que engade a impugnación indirecta do Plan de sectorización.

O Xulgado considera que a reclamación está fundamentada en dous títulos de imputabilidade: contractual, polo incumprimento do convenio; e extracontractual, polos danos causados como propietario. E rexeita o primeiro porque a demandante non é parte asinante daquel; polo que non ten lexitimación para instar a súa resolución nin esixir responsabilidade polo seu incumprimento.

Polo que respecta á impugnación indirecta do Plan, o Xulgado rexéitaa tamén xa que aquela precisa unha vinculación directa entre o vicio de nulidade da disposición e o acto directamente recorrido. Ao non existir, ou acreditarse, dita vinculación, rexeita a impugnación; engadindo ademais que o instituto da responsabilidade patrimonial non é a vía axeitada para pretender unha impugnación do Plan. En canto á responsabilidade patrimonial, o Xulgado tamén rexeita as pretensións indemnizatorias. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1.Tomar coñecemento da sentenza.

2.Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00005027T.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PO 131/2020 CA1.

Dase conta da resolución: nº 399/2021 do 21.12.2021 do Xulgado contencioso administrativo nº 1

Procedemento: Procedemento Ordinario 131/2020

Obxecto: contra decreto 8018/2019 que aproba nova liquidación de cotas de urbanización do SUNP 37-3 Costa Vella.

A sentenza que é firme é favorable aos intereses municipais pois admite a tese exposta pola defensa do concello referida á falta de lexitimación pasiva da actora e estima a acusa de inadmisibilidade do recurso prevista no artigo 69 b en relación co artigo 51.1 b) da LXCA.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remítela á área de urbanismo, departamento de planeamento-xestión para os efectos do seu coñecemento.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004715X.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 192/2020 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1

Dase conta da sentenza nº 409/2021

Demandante: Arzobispado de Santiago de Compostela

Obxecto: taxa polo servizo de recollida e tratamento de residuos.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello. Como consecuencia dunha revisión do padrón do IAE, detectouse que no baixo do nº 3 da Rúa do Vilar, estíbese desenvolvendo unha actividade empresarial –tenda- non declarada e allea a actividade principal do inmovible (antiga casa do peregrino). Incoado expediente de inspección tributaria, e ante a imposibilidade de notificar as liquidacións resultantes ao titular do negocio, aquelas foron “derivadas” ao Arzobispado, en calidade de substituto do contribuínte (pola súa condición de titular do inmovible). En definitiva, estaría pagando dúas taxas polo mesmo inmovible, aínda que por diferentes condicións tributarias.

Dado que o padrón da taxa toma como referencia o contrato de subministro de auga, e que nin Viaqua nin o Concello poden acreditar a existencia do contrato de subministro a nome do arrendatario –negocio que o Arzobispado tampoco pode negar-; e que Viaqua tampouco apareceu no proceso; o Xulgado estima parcialmente o recurso, sen custas:

- Anula as resolucións impugnadas.
- Ordena a retroacción do expediente para que o concello, con intervención activa de Viaqua, resolva o recurso administrativo interposto, dando resposta ás cuestións presentadas polo Arzobispado, no prazo de 3 meses.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo Tesourería para a súa execución.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004985G.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PO 466/2020 CA1.

Dase conta da resolución: nº 396/2021 do 20.12.2021 do Xulgado Contencioso-administrativo nº 1

Procedemento ordinario 466/2020

Demandante: Proxectos e Inmobles de Galicia SL

Obxecto: Contra solicitude de devolución do ICIO e contra Decreto 2021/1747 do 26.02.2021 que desestima expresamente a solicitude.

A sentenza é desfavorable para o concello, e tendo en conta que o ICIO non se devenga se a obra non se chega a realizar, aplica a doutrina do TS fixada na sentenza nº 1442/2020 do 4 de novembro, rec de interese casacional 1869/2018 e conclúe que o dereito a reclamar non tiña prescrito cando a devolución se solicitou. O TS na sentenza aplicada esixe-*para os efectos do cómputo do días a quo do prazo de prescripción para solicitar a devolución do ICIO*-que exista un cto formal de

desistimento ou renuncia por parte do solicitante, ou un acto formal de declaración de caducidade da licenza por parte do concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Tesourería para os efectos da súa execución.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004716B.

Dación en conta de providencia recaída no RC 2480/2021 PA 094/2018 CA1 VIGO

Dase conta da providencia 13.01.2022

Obxecto: impugnación cese funcionaria interina por programa.

A providencia de inadmisión do recurso de casación é favorable para o Concello.

A Sentenza do TSX dar por certos os feitos declarados probados polo Xulgado de Vigo para concluír, xunto con este, que non obstante o exceso do prazo nos nomeamentos, non existiu o fraude alegado. Na súa providencia, o TS ven a recoñecer que ten admitido o recurso en situación análogas. Pero considera ben fundamentada a sentenza de apelación no referido a non existencia de fraude no nomeamento, non obstante as prórrogas e a súa duración, xa que en definitiva a interesada non atendeu necesidades estruturais do servizo de Intervención.

Engade, pola outra banda, que tratándose do cese dun funcionario interino por programa, non procede o recoñecemento de indemnización nos termos interesados, como xa declarou o TS na súa Sentenza 1273/2021, do 26 de outubro. Polo que termina declarando a non admisión do recurso. E ademais, a diferenza do resolto polo Xulgado e o TSX, desta volta con imposición de custas á interesada. Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso algún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00004652Q.

Dación en conta de providencia de data 20/01/2022 no RC 2692/2020 PO 173/2016 CA1

Dase conta da `providencia 20.01.2022

Demandante: RETEVISION I SAU

Obxecto: Decreto 30.12.2015 que rexeita as facturas por servizos de televisión dixital.

Contía: 90.940,86 euros.

A providencia de inadmisión do recurso de casación é favorable para o Concello. A interesada reclamou pola prestación dos servizos de difusión da sinal de televisión dixital terrestre, unha vez extinguido o convenio de sinal analóxica, en virtude das "ordes" remitidas dende o Concello. Entendía aquela que, de non satisfacerse ditas facturas, o Concello estaría obtendo un enriquecemento inxusto.

Pero no proceso quedou acreditado que Retevisión empregaba a antena de As Cancelas, ademais de para isto, para prestar servizos a terceiros que, como afirma a Sentenza do CA 1, non poden presumirse de balde. Polo tanto, era lóxico que o Concello non formalizase un novo convenio en tanto a empresa non facilitase eses datos de facturación, para fixar un equilibrio económico no citado convenio.

Tendo en conta que a recorrente non presentou no xuízo eses datos, o Xulgado considera que non está acreditado un enriquecemento do Concello como contrapartida dun empobrecemento de Retevisión, polo que terminou desestimando a demanda, con custas á actora. En apelación, o TSX tamén rexeita as pretensións de Retevisión.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.
2. Remitir ao Servizo de Urbanismo para o seu coñecemento.

28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00005770F.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 28 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2022.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 28 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2022.

URXENCIAS

29. Autorización da ampliación de prazo de “Execución das obras do proxecto de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa escola de música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I - aparcadoiro. (Expt. CON/18/2020)

Autorízase a ampliación do prazo solicitada da “Execución das obras do proxecto de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa escola de música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I - aparcadoiro. (Expt. CON/18/2020) ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP ata 3 de febreiro de 2022, porque non se aprecian motivos imputables no retraso da execución das obras ao contratista, sen prexuízo de que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que si lle puidesen ser imputables ao contratista.

30. MEDIDAS PARA FACER EFECTIVA A PEONALIZACIÓN NO ÁMBITO DE MAZARELOS

Apróbase a modificación das prazas da ORA no ámbito da praza de Abastos, como unha das medidas a adoptar, para facer efectiva a peonalización da rúa Mazarelos, tal e como se describe neste informe, deixando soamente 15 prazas:

-10 prazas na Travesa da Universidade

-5 prazas na praza de San Fiz de Solovio (de nova creación).

Estas prazas serán de curta duración cun horario de luns a sábado de 8:00 a 14:00 horas, coa obriga de rotación ós 60 minutos, nos termos do establecido no artigo 5 da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo de Aparcamento ORA e Aparcamento de Residentes.

Asemade, apróbase:

a) A creación dunha zona de aparcamento para residentes de casco histórico cunha serie de prazas de residentes, que poderán aparcar en dúas zonas concretas na rúa Travesa da Universidade (no tramo comprendido entre a saída da Praza de San Fiz e a Praza de Fonte eca) en horario de 20:30 a 8:00 horas e nas prazas de zona ORA habilitadas na rúa Travesa da Universidade serán prazas de residentes de zona monumental fora do horario limitado desta zona ORA , polo tanto en horario de 20:30 a 8:00 horas.

b) A habilitación dunha zona de aparcamento de residentes de zona monumental na rúa Mazarelos, durante 24 horas.

Destas medidas informarse á cidadanía a través da publicación en dous xornais de difusión na cidade e na páxina web do Concello.

31. Declaración de caducidade do expediente de imposición de penalidades a empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA no contrato de Subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto smartiago, divididas en dous LOTES diferenciados: Lote 2 .

Declárase a caducidade do expediente de imposición de penalidades á empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA por cumprimento defectuoso do contrato de *instalación de sistemas para supervisión e control de acceso guiado en zonas de aparcamento, (lote 2 do contrato de subministración , instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto Smartiago).*

32. Adxudicación da “Concesión de uso privativo do dominio público das marquesiñas e mupis urbanos do Concello de Santiago de Compostela para a súa explotación publicitaria” á empresa ALPHA PUBLICIDAD EXTERIOR SL.

Acórdase adxudicar a *Concesión de uso privativo do dominio público das marquesiñas e mupis urbanos do Concello de Santiago de Compostela para a súa explotación publicitaria* á empresa ALPHA PUBLICIDAD EXTERIOR SL, que oferta un canon de 173.838,00 euros (exento de IVE) a abonar ao Concello, sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.